

INT ERP RET ACI ÓN

E S A D GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática

Máis cerca do que pensas

**Novo Centro Superior das Artes Escénicas en Vigo**

A Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia conta xa coa primeira fase da que é a súa sede definitiva, un conxunto de tres edificios que converterán esta escola nun centro de referencia na **formación**, a **creación** e a **investigación escénica**.

- Aulas prácticas con equipamento técnico e aulas teóricas.
- Aulas de ensaio a disposición do alumnado.
- Aulas de escenografía, caracterización e indumentaria.
- Auditorio para creación e exhibición teatral.
- Biblioteca.
- Servizo de cafetería e comedor.

**Titulación Superior en INTERPRETACIÓN**

A ESAD de Galicia é un centro público que ofrece catro titulacións superiores en Arte Dramática: **Interpretación**, **Dirección de Escena**, **Dramaturxia** e **Escenografía**. Ofrece estudos de posgrao en colaboración coa Universidade de Vigo. As súas ensinanzas estarán integradas no Espazo Europeo da Educación Superior (EEES).

A **Titulación Superior en Interpretación** ten unha duración de 4 anos e a ESAD é o único centro que a ofrece na nosa comunidade. O seu currículo está integrado por materias como:

- Interpretación
- Interpretación no audiovisual
- Obradoiros de creación teatral
- Caracterización e Indumentaria
- Movemento, expresión corporal
- Ortofonía e expresión oral
- Canto, expresión musical
- Historia do teatro
- Literatura dramática
- Danza

Saídas profesionais

- Interpretación en teatro, outras artes escénicas e todo tipo de actos recreativos, sociais e culturais.
- Interpretación en cine, televisión, radio, publicidade, dobraxe.
- Dirección, presentación e condución de todo tipo de programas en medios audiovisuais.
- Xestión e produción teatral. Coordinación e realización de programas de animación sociocultural e teatral, actividades recreativas e tempo libre.
- Docencia e investigación nas artes escénicas.